



“1
No chan que en Morrazo
chaman os galegos
Chan de Parafita,
que chega hasta o ceo,

2
que está no camiño
que vai ao Ribeiro
dendes Pontevedra,
a Vila do Reino,
(...)

8
se ve o mar bravo
se ve o mar quedo,
de Ons e de Tambo
as illas ao lexos;

9
se ven Portonovo
e xunto San Xenxo,
Marín e Combarro,
Lourido e Campelo.”

Coloquio en mil duascentas coplas galegas (1746)

FREI MARTÍN SARMIENTO

(Vilafranca do Bierzo, 1695 – Madrid, 1772)

Foi un relixioso, escritor e investigador. Pioneiro da filoloxía galega, o seu traballo orientouse cara á creación dunha gramática, dun dicionario e dunha ortografía para a nosa lingua. A el débémolle a primeira noticia documentada sobre o galego medieval e as pescudas sobre o nacemento do idioma. Posuidor dunha erudición ilustrada, realizou investigacións punteiras en diferentes campos coma a medicina, a botánica ou a química.

GRANDES ÉXITOS



1746

Coloquio en mil duascentas coplas galegas (1746), obra recollida tamén como *Colección de voces e frases galegas* ou *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*, supón unha importante reaparición do idioma galego e unha achega fundacional á lingüística

galega tras o baleiro na escrita da última etapa medieval. Componse de 1.200 coplas a partir das cales podemos coñecer o galego que se falaba daquela.

Outras das súas obras son *Viaxe a Galicia* (1745), *Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española* (1755), *Problema chorográfico para describir Galicia con un nuevo método* (1762) e *Onomástico etymológico de la lengua gallega* (1758-1769).

“Frei Martín Sarmiento é un prodixio de erudición, é un observador finísimo, un traballador case monstruoso que posúe entre 4.000 a 6.000 volumes no seu arquivo.”

Conferencia de Francisco Fernández del Riego sobre Frei Martín Sarmiento en Bos Aires, Arquivo Sonoro de Galicia. Consello da Cultura Galega (1954)

